



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** Convocatoria de axudas sociais para o persoal do Concello de Betanzos correspondentes ao ano 2022

**EXPEDIENTE:** 2023/X998/000023

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** O Concello pleno aprobou o Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos no Pleno da Corporación, en Sesión Ordinaria do martes 15 de decembro de 2020.

**SEGUNDO.** Consta a Acta da Mesa Xeral de Negociación do 10 de Decembro de 2019 e sobre o Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos.

**TERCEIRO.** Consta a providencia de inicio do expediente para a convocatoria deste ano.

**CUARTO.** Consta informe de secretaría de data 19/01/2023

**QUINTO.** Consta informe de intervención de data 12/04/2023

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

A Lexislación aplicable vén determinada por:

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

— A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

— O Convenio Colectivo do Concello de Betanzos e o acordo de Funcionarios Funcionarios (Aprobación do Regulamento de fondos de acción social para os traballadores do Concello de Betanzos pola Mesa Xeral de negociación que entrará en vigor no ano 2019, de data 12/11/2018)

— O Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos BOP A Coruña nº 10 de 18.01.2021

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** As axudas económicas de acción social considéranse rendementos do traballo para os seus perceptores quedando suxeitas a retención e ao IRPF. As cantidades abonadas deben incluírse na nómina quedando suxeitas a retención no IRPF e a cotización na seguridade social, salvo que se trate de axudas económicas que se concedan por gastos de enfermidade non cubertos polo Servizo de Saúde ou Mutualidade correspondente, que se destinen ao tratamento ou restablecemento da saúde.

As axudas de acción social non constitúen renda gravable e non están suxeitas ao IRPF cando teñan por finalidade unicamente o tratamento ou restablecemento da saúde e non estean cubertas pola Seguridade Social ou mutualidade correspondente.

As medidas de acción social non son compensación do traballo realizado senón protección ou axuda de carácter asistencial, que se xeran ou deveñan cando se producen continxencias que colocan ao beneficiario nunha singular ou desigual situación de necesidade.



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**SEGUNDO.** A posibilidade de recoñecer beneficios sociais ou complementos de prestacións da Seguridade Social nas entidades locais expón una certa complexidade, por canto trátase dunha cuestión caracterizada pola súa elevada dispersión normativa e pola falta dun modelo coherente que proporcione seguridade xurídica ás propias Entidades Locais e aos seus empregados.

**TERCEIRO.** Os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo.

**CUARTO.** No artigo 34 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Betanzos establécese a constitución dun fondo social cada ano para facer fronte ás melloras sociais do persoal do concello, sendo os conceptos para os que se poderán solicitar as axudas os seguintes: bolsas de estudo, garderías, odontoloxía, ortodoncia, lentes e lentes de contacto, intervencións de oftalmoloxía non cubertas pola Seguridade Social, próteses ortopédicas e dispositivos especiais.

No artigo 34 do Acordo regulador do persoal funcionario ao servizo do Concello de Betanzos tamén se recolle a constitución dun fondo social do persoal funcionario.

Así mesmo establécese que anualmente realizárase unha convocatoria para optar a estas axudas, na que se fixarán as condicións xerais para a distribución das mesmas.

**QUINTA.** O procedemento para a concesión de axudas de acción social é o seguinte:

A) O procedemento iníciase coa publicación da convocatoria das axudas e a posterior instancia do interesado quen, ao abeiro do acordo de funcionarios ou do convenio colectivo do persoal laboral (segundo corresponda), do orzamento do Concello de Betanzos, e do Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos, solicitará a concesión de axuda de acción social de acordo coas bases aprobadas ao efecto.

B) Os servizos administrativos do Concello recollerán e clasificarán a documentación achegada polos interesados, confeccionando unha listaxe cos/as admitidos/as e excluídos/as, no seu caso, así como as cantidades económicas das axudas que lle corresponden a cada un/a dos traballadores/as, despois de aplicar, no seu caso, as reducións correspondentes. Finalizado este proceso abrírase un prazo de cinco días hábiles para que calquera traballador/a poida consultar o seu expediente no departamento correspondente e alegar o que estime oportuno.

A devandita listaxe trasladarase aos representantes do persoal para o informe desta.

C) Á vista do anterior, a alcaldesa resolverá, unha vez fiscalizado o gasto, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**SEXTA. De acordo co establecido no Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos BOP A Coruña nº 10 de 18.01.2021:**

### **3. SOLICITUDES**

#### **3.1 PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

*O Concello de Betanzos publicará no mes de decembro de cada ano a convocatoria das axudas sociais dese mesmo ano. Terá a máxima difusión entre os traballadores/as, polo que deberá ser trasladada a tódolos centros de traballo. Nela recollerase o tipo de axudas que se convocan, o prazo de presentación das solicitudes, o prazo de consulta da listaxe e o mes no que se realizará o pagamento destas.*

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### **3.2 SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

*Os traballadores/as interesados/as presentarán no Rexistro Xeral as solicitudes das axudas nun impreso ao efecto que facilitará o mesmo Rexistro Xeral. O citado impreso recollerá tódolos tipos de axudas para que cada solicitante marque ás que desexa optar. No caso de que ámbolos dous cónxuxes sexan traballadores municipais non poderán solicitar a mesma axuda por Bolsa de Estudos e Gardería. No caso de outras axudas que se xustifican con facturas, non poderán solicitar axuda polo mesmo gasto. Con cada solicitude presentárase a seguinte documentación segundo corresponda:*

- a) Fotocopia do libro de familia onde consten tódolos membros.*
- b) Certificado de empadramento das persoas que non consten no libro de familia.*
- c) Facturas o outros xustificantes, orixinais, do gasto efectivo para as axudas que o requiran, no que conste a persoa a quen corresponde o gasto.*
- d) Certificado de matriculación do colexio ou centro educativo ou xustificante dos cursos que se realizaron.*
- e) No caso de que se solicite axuda para algún membro da unidade familiar que estea en activo, declaración xurada de non percibir axuda algunha por idéntico concepto ás recollidas neste regulamento.*

*Non será necesario achegar a documentación que estea en poder desta administración.*

### **3.3 PENALIZACIÓN E CAUSAS DE EXCLUSIÓN**

*Calquera solicitante que falsee ou oculte datos, documentación ou calquera outra circunstancia que fora determinante para a concesión dunha axuda, perderá o dereito a tódalas axudas nesa convocatoria. No caso de tela concedida e percibido o seu importe, non terá dereito a participar nas vindeiras convocatorias ata a devolución da cantidade percibida irregularmente. Será causa de exclusión:*

- a) Presentar a solicitude fóra de prazo.*
- b) Que a persoa causante do gasto non forme parte da unidade familiar.*
- c) Carecer dalgún dos requisitos ou documentos esixidos.*

### **4. TRAMITACIÓN**

*Calquera contradición ou dúbida que puidera xurdir para aplicación do presente regulamento, será resolta pola Mesa Xeral de Negociación do Concello de Betanzos.*

*Os servizos administrativos do Concello serán os encargados da recollida e clasificación da documentación, confeccionando unha listaxe cos/as admitidos/as e excluídos/as, no seu caso, así como as cantidades económicas das axudas que lle corresponden a cada un/a dos traballadores/as, despois de aplicar, no seu caso, as reducións correspondentes. Finalizado este proceso abrirase un prazo de cinco días hábiles para que calquera traballador/a poida consultar o seu expediente no departamento correspondente e alegar o que estime oportuno.*

*A devandita listaxe trasladarase aos representantes do persoal para o informe desta.*

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria para o REPARTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BETANZOS do ano 2022 e abrir un prazo de 10 días hábiles

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



### **Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

para a presentación das solicitudes correspondentes ás axudas sociais do ano 2022, a partir do día seguinte da publicación do presente decreto na Sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos.

O regulamento polo que se rexen ditas axudas así coma os modelos de solicitude e da declaración xurada serán tamén publicadas na Sede Electrónica, páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos. Os traballadores/as interesados/as presentarán, preferiblemente pola Sede Electrónica ou no Rexistro Xeral as solicitudes das axudas no impreso publicado.

**SEGUNDO.-** Unha vez clasificada a listaxe, e logo dos trámites oportunos, trasladarase o expediente á intervención para a súa fiscalización.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa  
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)  
Adrián J. Márquez Caramés

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**